



CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

Asunto: Gastos VISA Alcaldía

ANTECEDENTES

O escrito remitido polo Alcalde a esta intervención o 16 de abril de 2012, no que se solicita informe do interventor municipal relativo ao uso da tarxeta visa, durante os anos 2011 e 2012.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- O artigo 4.1.h) do R.D. 1174/1987, de 18 de setembro polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, que contempla a emisión de informe en uso da función de control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria, e que abrangue a emisión de informes que en materia económico financeira ou orzamentaria que lle fosen solicitadas pola Presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou deputados, ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial.

2. O informe solicitado non se atopa entre os supostos de informe preceptivo da intervención municipal, previstos no artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (R.D.-Lex 781/86 de 18 de abril) e artigo 173.1 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que se refiren taxativamente, no que aquí interesa, a informes previos á adopción de acordos a tratar nunha sesión concreta dun órgano colexiado da corporación.

3. Non obstante compre ter en conta o artigo 174.1 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o cal establece que "sin perjuicio de los informes preceptivos que deba emitir el responsable de la secretaría y el responsable de la intervención, el Presidente podrá solicitar otros informes o dictámenes cuando lo estime necesario".

En base ás anteriores consideracións legais, emito o seguinte

INFORME

Que o 16 de xuño de 2003 o Concello de Oleiros contratou coa entidade Novagalicia Banco unha tarxeta de crédito Visa Oro núm. 80.548, cun límite de 3.005,06 euros, na que figura como asociado o Alcalde, Ángel García Seoane.

Que durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 29 de febreiro de 2012 (data da última liquidación practicada pola entidade bancaria) unicamente figura a seguinte factura pagada coa dita tarxeta VISA do Concello:

Data operac.	Data de cargo	Nº factura	Terceiro	Importe
30/07/2011	15/08/2011	T001/5515	Restaurante el Madrileño, S.A.U	261,68 €



CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA


Tal e como sinala o Alcalde mediante escrito remitido a esta intervención o 16 de agosto de 2011, a dita factura correspóndese coa invitación ao Alcalde de Buccino (Salerno), D. Pasquale Via, con motivo da súa visita institucional ao Concello de Oleiros.

A dita factura foi aprobada polo Alcalde, previo informe da intervención de 21 de setembro de 2011, mediante decreto número 3.626/2011 de 21 de setembro.

O que informo a pedimento da Alcaldía e aos efectos oportunos.

Oleiros, 16 de abril de 2012.

O Interventor acdctal.,



Asdo. Jacobo Molina Sáenz.